

El Concello expedienta a ocho menores por pintar edificios públicos

La iglesia parroquial de As Pontes ofrece un aspecto immaculado, pero sólo su fachada. Las paredes laterales y, sobre todo, las de la parte de atrás, están llenas de garabatos, embadurnadas con grafitos. Ahora, el Concello de As Pontes ha abierto expediente sancionador a ocho jóvenes menores de edad del municipio por realizar recientemente pintadas en fachadas de edificios públicos y privados, como la iglesia parroquial, el cementerio, el conservatorio de música y el pabellón polideportivo, entre otros, según informó el alcalde pontés, Víctor Guerreiro. El regidor avanzó que los expedientes -abiertos

momento el Concello se puso en contacto con los padres de los jóvenes y que incluso se produjo un acuerdo para que los autores de las pintadas enmendasen el entuerto. Incluso llegaron a colaborar en la limpieza de las paredes de la Casa da Enerxía, pero días después volvieron a hacer de las suyas y a dejar su firma en las fachadas, recordó Guerreiro.

El año pasado, un joven de Pontedeume fue condenado por el juzgado de Betanzos a prestar servicios a la comunidad por incurrir en un delito de «deslucimiento de bienes» al pintar grafitos en edificios como la casa de la cultura. El Concello, que



tras informes de la Policía Local que identifican a los presuntos autores de los grafitos- pueden desembocar en la imposición de multas económicas, que en estos casos abonarían los padres o tutores legales al tratarse de menores de edad. Guerreiro subrayó que es la primera vez que el Ayuntamiento adopta medidas de este tipo para tratar de atajar estos actos de vandalismo callejero. El regidor también explicó que en un primer

denunció la conducta del muchacho, le encargó la limpieza de las paredes que había embadurnado. Víctor Guerreiro se mostró partidario de buscar una solución de ese mismo tipo para educar a los jóvenes. Otros destrozos. El mobiliario urbano de As Pontes ha sido objeto de otros actos vandálicos como el reciente robo de un banco en A Casilla, en un paseo que ni se ha inaugurado todavía. Además, también sufrió destrozos.

Unha avogada gaña 5.000 euros co premio de poesía Uxío Novoneyra

Unha avogada de Corme resultou ganadora do premio de poesía Uxío Novoneyra de As Pontes, un certame de carácter bienal convocado polo Concello. Os 5.000 euros do premio foron para Diana Varela, de 25 anos, pola obra Xardín de palabras. O xurado, integrado polo ganador da anterior edición do premio, Suso Pensado; e polos poetas Eduardo Estévez e Baldo Ramos, fixo público

o fallo o pasado martes, aínda que o premio entregárase oficialmente o día 2 de xaneiro nunha cerimonia no Alovi. Diana Varela, natural de Corme pero que exerce a súa profesión de avogada en A Coruña, é a cuarta ganadora do certame de poesía. O primeiro foi Xosé Vázquez Pintor; o segundo, Daniel Salgado; e o terceiro, Suso Pensado.

A Xunta confirma que abrirá «nuns días» o tráfico da autovía ata a vila

A Consellería de Política Territorial anunciou o 12 de xaneiro unha boa nova para os milleiros de condutores que cada día se desprazan dende As Pontes a Ferrol ou viceversa: o tramo de autovía pendente entre estas dúas capitais, que debiera estar aberto ao tráfico no pasado verán, quedará ao fin operativo «nuns días, é dicir, de xeito inminente». Sen embargo, a ledicia por esa próxima apertura esfúmase parcialmente se se ten en conta a demora que leva acumulada, o feito de que se incumpran varias promesas de inauguración e tamén as peculiares circunstancias nas que agora parece que se estreará. Para empezar, se a Xunta cumpre a súa palabra e nuns días abre ao tráfico a autovía ata a vila -podería ser que se volvese atrasar, xa que é a terceira data que dá a consellería-, os coches seguirán sen poder percorrer os 6,8 quilómetros de Espiñaredo ata a vila pontesa de forma completa, xa que terán que seguir desviándose ao longo de 900 metros.

E é que hai meses, cando as obras deste tramo de autovía chegaban xa á súa fase final, os construtores descubriron fallos nun talude ubicado nos 900 metros antes citados. Como había que reparalo e facer labores para que se consolidara, os prazos de execución comezaron a dilatarse. Aínda así, dispúxose que o tramo de Espiñaredo a As Pontes quedaría operativo en outono. Esa inauguración xamais chegou. Pasado ese mes, en novembro anunciouse que sería en decembro cando si se abrise ao tráfico, xa tendo en conta a peculiaridade de que os 900 metros do talude quedarían pechados. Sen embargo, e malia esa circunstancia, o mes do Nadal rematou sen saber nada da apertura do treito. Enfado co goberno amigo e ineptitude dende o Concello. O enfado comezou a palpase entón no Concello, que enviou unha petición formal á consellería para que, pese a deixar pechada a zona do talude, abrise dunha vez o resto do vial. Sen embargo, o documento enviado polo alcalde nacionalista pontés, segundo el confirmaba, nunca obtivo contestación nin de palabra nin por escrito. Pola contra, quenes si tiveron resposta de Política Territorial foron os socialistas ponteses, que foron os primeiros en anun-

ciar que este tramo de autovía se abriría proximamente. Tralo seu adianto, a consellería si confirmou onte ese extremo. Agora falta saber se, á terceira, á fin, se cumpre o prazo previsto e eses «días» que segundo a consellería quedan para a inauguración do tramo non se volven converter nunha tortuosa espera. De todas maneiras, estando en datas pre-electorais, a inauguración estará próxima e con PSOE e BNG locais collidos da man.

Política Territorial prevé un gasto de 40 millóns no vial a As Pontes. A Xunta planea iniciar no 2007 a última fase da construción da autovía AG-64, entre Ferrol e Vilalba. Trátase do tramo dende Cabreiros, que apenas terá unha lonxitude de 13,4 quilómetros, e que contará cunha partida específica de 11,65 millóns de euros o vindeiro ano. Os primeiros trámites serán os de facer os pagos dos terreos expropiados para tal infraestrutura, así como o inicio dos traballos.

A maiores, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes solicitou xa unha subvención de cinco millóns de euros suplementarios a cargo do Plan do Carbón, con vistas a completar o orzamento necesario para rematar o citado treito. Todo isto sumarase aos 25 millóns de euros previstos para o 2008 e o 2009. Este último ano será, segundo os plans da Administración galega, o da finalización da obra, e tamén o da posta en funcionamento da citada infraestrutura. Con isto, a inversión prevista para os vindeiros anos na AG-64 supera os corenta millóns de euros. Esta autovía, unha vez rematada, será un dos principais nós de comunicación entre unha poboación de máis de 153.000 habitantes dos concellos de Ferrol, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas, As Pontes, Xermade e Vilalba, que son os municipios polos que transcorre o trazado da AG-64, cuxa maior parte xa está rematada e en funcionamento entre Ferrol e a zona de Espiñaredo, chegando á vila mineira. E, polo momento, xa fai un importante servizo para o transporte de mercadorías entre o porto ferrolán e as industrias ubicadas no municipio, como é o caso da central térmica

de Endesa, que require un importante tráfico de carbón para queimar nas súas caldeiras.

O paso máis inmediato é o de finalizar o treito entre Espiñaredo e As Pontes, no que dous equipos técnicos contratados por Política Territorial suman os seus esforzos aos traballadores da Xunta para atopar unha solución no asentamento dun dos terrapléns do traxecto, que está a xerar gretas e mesmo algún deslizamento. Co obxectivo de evitar futuros problemas, por un lado, acometerase a impermeabilización do citado terraplén para evitar filtracións de auga. Tamén se rebaxará o rasante para aliviar o peso da terra co fin de anular o risco de corrimentos unha vez que entre en servizo esta parte da estrada. Ademais, segundo a modificación do proxecto aprobada por Política Territorial, garantirase a calidade dos materiais e acometerase unha compactación do terreo antes do asfaltado definitivo. As obras seguen a bo ritmo á espera da autorización de A Mourela. As obras no traxecto da mesma autovía AG-64 que comunicará As Pontes e Cabreiros, o penúltimo a executar antes de concluír a totalidade da infraestrutura, continúan cunha boa marcha agás no lugar coñecido como A Mourela, onde a empresa adxudicataria dos traballos agarda pola autorización da Consellería de Cultura para obrar na zona, tras o achádego dun suposto círculo lítico que está a ser estudado polos servizos técnicos de Patrimonio para determinar si este xacemento histórico obrigará a modificar ou non o trazado do vial. Polo de agora, as grandes actuacións neste treito son a construción de dous grandes viadutos. Un deles é o que cruza o río Eume a unha altura de case cen metros sobre un escarpado val. A obra está xa en execución. Por outra banda, o proxecto inclúe tamén unha ponte sobre o río Lavadoiro que abrangue unha lonxitude de 228 metros que, sumados ao do Eume, fan un percorrido de 1,2 quilómetros. Despois só haberá que esperar a ver a reanudación das obras en A Mourela ou ben a modificación do proxecto para esquivar o citado xacemento a estudio polos técnicos da Consellería e o comité pontés formado para defender este patrimonio.

Trabajadores de Endesa impulsan la constitución de una cooperativa para construir 200 viviendas

Trabajadores, en activo y prejubilados, de Endesa y familiares proyectan unirse en régimen de cooperativa para construir unas doscientas casas unifamiliares en As Pontes. De momento, el colectivo cuenta ya con una comisión gestora, integrada por nueve personas, que es la encargada de impulsar la iniciativa. En la última asamblea recabaron el apoyo de 320 personas interesadas en partici-

par, informó ayer Xosé Dasilva, integrante de la gestora. Esta asociación lleva meses negociando con la dirección de Endesa en la zona para que las casas se construyan en unos terrenos propiedad de la empresa situados en las inmediaciones del punto limpio de As Pontes. Dasilva explicó que la gestora presentó a Endesa una propuesta de compra de 150.000 metros cuadrados hace algo más de

un año, pero las conversaciones todavía no han fructificado. El integrante de la comisión gestora indicó que Endesa pretende que se constituya formalmente la cooperativa antes de vender los terrenos. Pero «¿cómo vamos a hacerlo sin saber si dispondremos de terrenos para construir las viviendas?», se pregunta Dasilva.